



Concello de Ortigueira

DE: INTERVENTORA MUNICIPAL

A: COMISIÓN INFORMATIVA E PLENO DA CORPORACIÓN

ASUNTO: Informe de avaliación do cumprimento da estabilidade orzamentaria no Proxecto de Orzamento para o exercicio 2017.

I) ANTECEDENTES:

Expediente do Proxecto de orzamento, que está integrado por:

- Liquidación do orzamento do exercicio 2015.
- Avance da liquidación do orzamento 2016.
- Estados de Gastos e Ingresos.
- Anexo de Persoal.
- Plantilla de Persoal
- Anexo de Investimentos.
- *Manual de Cálculo del Déficit en Contabilidad Nacional adaptado a las Corporaciones Locales.*
- *Guía para la determinación de la Regla de Gasto del artículo 12 de la Ley 2/2012 Orgánica de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera*, publicada pola IGAE.
- Documento denominado “*Información a comunicar para el cumplimiento de las obligaciones contempladas en la Orden HAP/2105/2012, de 1 de octubre, por la que se desarrollan las obligaciones de suministro de información previstas en la Ley Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidad Presupuestaria y Sostenibilidad Financiera*”, publicada polo Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas.
- Acordo do Consello de Ministros do 10 de xullo de 2015, polo que se fixan os obxectivos de estabilidade orzamentaria e de débeda pública para o conxunto das administracións públicas e para cada un dos seus subsectores para o período 2016-2018, e o límite de gasto non financeiro do orzamento do Estado para o ano 2016.

II) LEXISLACIÓN APLICABLE:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local (LBRL, en diante)
- Texto refundido de disposicións vixentes en materia de réxime local, aprobado por Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril (TRRL, en diante)
- Texto refundido da lei reguladora das facendas locais, aprobado por Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo (TRLRL, en diante), especialmente os artigos 162 a 171.
- Real Decreto 500/1990, do 20 de abril, artigos 2 a 23.
- Lei orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria (LOEO, en diante).
- Texto refundido da lei xeral de estabilidade orzamentaria, aprobado polo Real decreto legislativo 2/2007.
- Real decreto 1463/2007, do 2 de novembro, de desenvolvemento da Lei xeral de estabilidade orzamentaria (RDEO, en diante)
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de administración local de Galicia (LALGA, en diante)
- Real decreto legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto refundido da lei do estatuto básico do empregado público (TRLEBEP, en diante)

Concello de Ortigueira

Plaza de Isabel II, s/n, Ortigueira. 15330 A Coruña. Tfno. 981400000. Fax: 981402536



Concello de Ortigueira

- Lei 48/2015, do 29 de outubro, de orzamentos xerais do Estado para 2016 (LOXE16, en diante).
- Orde EHA/3565/2008, pola que se aproba a estrutura dos orzamentos das entidades locais.

III) CONSIDERACIÓNS:

Primeira.- A necesidade do presente Informe con carácter independente.

Segundo o disposto no artigo 4 do RDEO “1. *Las entidades locales aprobarán [...] sus presupuestos [...] ajustándose al principio de estabilidad definido en los artículos 1 y 3 del artículo 19 de la Ley General de Estabilidad Presupuestaria*”.

Por outro lado, no apartado 2 do seu artigo 16 dispón que “[...] *la intervención local elevará al Pleno un informe sobre el cumplimiento del objetivo de estabilidad [...]*”.

El informe se emitirá con carácter independiente y se incorporará a los previstos en [...] texto refundido de la Ley reguladora de las Haciendas Locales, referidos, respectivamente, a la aprobación del presupuesto general, a sus modificaciones y a su liquidación”.

O presente informe emítase en base a este artigo 16.2.

Segunda: A estabilidade orzamentaria nas Corporacións Locais; capacidade/necesidade de financiamento.

A LOEO establece no seu artigo 3 que “1. *La elaboración, aprobación y ejecución de los Presupuestos y demás actuaciones que afecten a los gastos o ingresos de los distintos sujetos comprendidos en el ámbito de aplicación de esta Ley se realizará en un marco de estabilidad presupuestaria, coherente con la normativa europea.*”

No artigo 11 da dita LOEO dispónse que “1. *La elaboración, aprobación y ejecución de los Presupuestos y demás actuaciones que afecten a los gastos o ingresos de las Administraciones Públicas y demás entidades que forman parte del sector público se someterá al principio de estabilidad presupuestaria.*”.

O apartado 2 do artigo 3 establece que “2 *Se entenderá por estabilidad presupuestaria de las Administraciones Públicas la situación de equilibrio o superávit estructural*”. En relación co anterior, o apartado 2 do artigo 11 establece que “2. *Ninguna Administración Pública podrá incurrir en déficit estructural, definido como déficit ajustado del ciclo, neto de medidas excepcionales y temporales. [...]*”

No artigo 15.1 da dita Lei orgánica establécese que o Goberno do Estado fixará no primeiro semestre de cada ano os obxectivos de estabilidade orzamentaria, en termos de capacidade ou necesidade de financiamento de acordo coa definición contida no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, e o obxectivo de débeda pública referidos aos tres exercicios seguintes, tanto para o conxunto das Administracións Públicas como para cada un dos subsectores. No apartado 6 establécese que as Cortes Generales se pronunciarán aprobando ou rexeitando os obxectivos propostos polo Goberno. Aprobado o obxectivo de estabilidade orzamentaria e de débeda pública polas Cortes Generales, a elaboración dos proxectos de Orzamento das

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

Administracións Públicas deberán acomodarse aos ditos obxectivos. O obxectivo de estabilidade presupostaria aprobado para 2017 para as EELL é do 0,00

Segundo a definición do Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais, a estabilidade orzamentaria de equilibrio ou superávit (capacidade de financiamento)ponse de manifesto cando a suma dos capítulos 1 a 7 do Estado de ingresos é igual ou superior á suma dos capítulos 1 a 7 do Estado de Gastos.

Pois ben, do Proxecto de orzamento que se está a analizar resultan os seguintes datos:

Caps 1 a 7 Ingresos	6.424.056,78
Caps 1 a 7 de Gastos	6.113.119,93
Cap/Nec Financiamento Antes de Axustes	310.936,85

O cadro anterior pon de manifesto que, antes de axustes, os ingresos non financeiros previstos son suficientes para satisfacer os gastos non financeiros.

Debido as diferencias de criterio entre a contabilidade orzamentaria e a contabilidade nacional, é necesario facer unha serie de axustes a fin de adecuar a información orzamentaria de esta entidade aos criterios establecidos no Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC 95)

A) INGRESOS:

1.- Capítulos 1, 2 e 3 do Estado de Ingresos.

No “Manual de cálculo del Déficit en Contabilidad Nacional adaptado a las Corporaciones Locales, publicado por la IGAE”, establece que “la capacidad/necesidad de financiación de las administraciones públicas no puede verse afectada por los importes de impuestos y cotizaciones sociales cuya recaudación sea incierta”, polo que se interpreta que, como ó elaborar o orzamento tómanse como referencia os dereitos recoñecidos e non os recadados en exercicios anteriores, habería que realizar un axuste á vista da recadación efectivamente realizada no exercicio coa última liquidación aprobada (2015), que para o Concello de Ortigueira se concretaría en:

Capítulos	Previsto 2015	Recaudado 2015		% RECADACION/ PREVISION	% AXUSTE
		CORRENTE	PECHADO		
1	1.743.024,34	1.678.542,10	5.052,12	96,60	3,4%
2	173.377,60	96.332,39	159,80	55,70	44,30%
3	1.722.223,34	1.060.377,33	16.391,21	62,50	37,50%

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

Aplicado ás previsións temos:

Capítulos	Previsto 2017	% Axuste	Importe axuste
1	1.930.262,80	3,5%	-67.559,18
2	111.932,30	44,30%	-49.586,01
3	897.223,58	37,50%	-336.458,84

Non obstante, considérase necesario facer unha precisión en relación ao axuste sobre o capítulo 3.

De acordo cos datos da liquidación do 2015, a porcentaxe de recadación sobre as previsións iniciais é do 37,50%.

Mais, dunha análise comparada das previsións iniciais do exercicio 2015 en capítulo 3, e as previsións iniciais en capítulo 3 do proxecto de orzamentos de 2017, temos que as últimas son case a metade das previstas en 2015 (1.722.223,34/897.223,58) e a dita diferenza se deriva fundamentalmente da distinta orzamentación da aplicación 399 no proxecto de orzamentos para 2017. Veremos a seguir a orzamentación comparativa de 2015 e 2017 e a xestión recadatoria:

No exercicio 2015:

APLICACIÓN	PREVISIONS INICIAIS	RECADACIÓN
39901	10,00	0,00
39903	82.200,00	64.474,66
39904	797.928,22	203.866,65

No proxecto para o orzamento 2017:

APLICACIÓN	PREVISIONS INICIAIS
39900	15.195,92

Tendo en conta que, se ben é obvio que non se pode coñecer o grado de recadación durante o exercicio 2017, sí que se pode facer unha estimación baseada en datos comparados de exercicios precedentes pero sempre sobre a base de equidade ou similitude das situacións comparadas. Tendo en conta que se descoñecemos a aplicación 399 do exercicio 2015 a porcentaxe sería a seguinte:

Capítulos	Previsto 2015 (sen 399)	Recadado 2015 (sen 399)		% axuste recadación/previsión	% axuste
		corrente	pechados		
3	842.095,12	792.036,02	16.391,21	96,00%	4% (-)

E se temos en conta os datos do avance da liquidación do 2016 serían os seguintes (tendo en conta que son datos provisionais):

Capítulos	Previsto 2016 (sen 399)	Recadado 2016 (sen 399)		% axuste recadación/previsión	% axuste
		corrente	pechados		

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

3	842.095,12	780.126,66	85.501,1 3	102,8%	2,8% (+)
---	------------	------------	---------------	--------	----------

Parece excesivo facer un axuste dun 37,50% QUE SUPÓN CONSIDERAR QUE DOS 897.223,58€ ORZAMENTADOS NO CAPÍTULO 3 SO SE VAN RECADAR 560.764,74 (897.223,58-336.458,84). Se ben os datos das últimas liquidacións indican que a recadación de 2015 no capítulo 3 foi de 808.427,23 e a de 2016 (provisional) foi de 865.627,79.

En consecuencia se propón facer un axuste aplicando os datos da recadación que se desprenden da liquidación de 2015, pero obviando a aplicación 399 e subdivisionarias polos motivos expostos. En consecuencia o axuste sería dun 4% á baixa.

Capítulos	Previsto 2017	% Axuste	Importe axuste
3	897.223,53	4%	- 35.888,94

TOTAL AXUSTE NEGATIVO POR APLICACIÓN PRINCIPIO DE CAIXA: -153.034,13

B) GASTOS :

Gastos realizados no exercicio pendentes de aplicar a orzamento.

Trátase dos gastos recollidos na conta 413 (tamén aínda que non se reflexaran contablemente), no haber polo importe dos pendentes de aplicar a 31 de decembro e no seu debe, polos aplicados ao longo do exercicio, procedentes do exercicio anterior. Os primeiros aumentan o déficit en termos de contabilidade nacional, os segundos o minoran, pois xa o incrementaron o ano anterior e neste volven a incrementalo mediante a súa aplicación a presuposto, polo que debe compensarse esta dobre imputación aumentando o superávit. O cálculo a estas alturas das facturas que poden quedar na conta 413 correspondentes a gastos de 2016 que se imputarán a 2017 non se coñece con exactitude, toda vez que dado que estamos a 4 de xaneiro é moi previsible que se presenten aínda facturas que se correspondan con prestacións realizadas no 2016.

En consecuencia proponse a realización do presente axuste con motivo da liquidación do orzamento, momento no que se contará con datos certos.

é estimativa posto que aínda no foron contabilizadas. Estímase polas facturas que se teñen

Unha vez realizados estes axustes sobre os saldos dos ingresos de carácter non financeiro, resulta o seguinte:

Suma dereitos recoñecidos Cap. 1 a 7 do Orzamento de ingresos	6.383.031,46
Axustes positivos	0,00
Axustes negativos	-153.034,13
Suma obrigas recoñecidas Cap. 1 a 7 do Orzamento de gastos	6.072.094,61€
Axustes positivos	0,00
Axustes negativos	0,00
Saldo operacións non financeiras (cap. financiamento)	+157.902,72

Das operacións anteriores, dedúcese que os ingresos son superiores ós gastos en términos non financeiros, polo que existe estabilidade orzamentaria.

Concello de Ortigueira



Concello de Ortigueira

De todos os xeitos, advirte esta funcionaria que o cálculo da estabilidade orzamentaria con motivo da aprobación do orzamento ten por obxecto prever posibles incumprimentos durante a execución posterior deste. En consecuencia, os órganos xestores deben tomar conciencia da necesidade de levar control do cumprimento das previsións de ingresos que amparan os gastos. Igualmente, esta funcionaria advirte da necesidade de que se leve a cabo igualmente un axeitado control do gasto de xeito que non se leven a cabo gastos por enriba do orzamentado.

IV) CONCLUSIONES:

Como consecuencia do todo o exposto ata o momento no presente Informe, poño de manifesto as seguintes conclusións:

- No Proxecto de Orzamento do Concello de Ortigueira para o ano 2017 prevése unha situación de estabilidade orzamentaria nos termos do artigo 11 da Lei orgánica 2/2012, de estabilidade orzamentaria.
- En cumprimento do establecido no último parágrafo do artigo 16.2 do RD 1463/2007, este Informe debe ser remitido á Dirección General de Coordinación Financiera con las Entidades Locales, ou ben ao órgano competente da Comunidade autónoma que exerza as función de tutela financeira, no prazo máximo de 15 días hábiles dende o coñecemento por parte do Pleno.